



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Setembro 2023

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2023

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2015. Setembro 2023


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de setembro en Galicia unha diminución do 0,9% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa superior en 0,9 puntos á do mes de agosto. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos tamén diminúe o 0,9%, taxa inferior en 0,4 puntos á do mes anterior.
- En dez comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios no mes de setembro.
- O persoal ocupado no sector servizos crece en Galicia un 1,0% e en España un 1,9% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumenta o persoal ocupado no mes de setembro.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de setembro en Galicia unha diminución do 0,9% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa superior en 0,9 puntos á do mes de agosto. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos tamén diminúe o 0,9%, taxa inferior en 0,4 puntos á do mes anterior.



O *Comercio*, cunha taxa do 0,1%, suma 0,1 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* reducen a súa facturación o 3,3% e restan 0,9 puntos á taxa de variación do índice xeral. En España a facturación no *Comercio* diminúe o 2,6% e nos *Outros servizos* aumenta o 2,6%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* cae o 2,3%, co que resta 1,7 puntos a taxa de variación do índice xeral; o *Comercio ao retallo* aumenta o 6,2% e a *Venta e reparación de vehículos de motor* o 11,6%. A nivel nacional, o *Comercio por xunto* diminúe o 8,9% mentres que o *Comercio ao retallo* aumenta o 8,8% e a *Venta e reparación de vehículos de motor* o 10,3%.

Os *Outros servizos* diminúen a cifra de negocios en Galicia o 3,3%. Esta caída ven motivada principalmente polo *Transporte*, que diminúe a súa facturación o 9,5% e resta 1,8 puntos a taxa interanual. O maior incremento rexístrase na *Hostalería* (15,8%), co que achega 0,9 puntos a taxa interanual.

En España, os *Outros servizos* crecen o 2,6%. O *Transporte* tamén rexistra unha taxa negativa, -5,4%. Os maiores incrementos acádanse en *Hostalería* (10,2%) e *Información e comunicacións* (6,6%).

Nos nove primeiros meses do ano, o índice xeral crece un 4,8% en Galicia, máis que en España (3,1%). Os sectores que máis inflúen neste crecemento en Galicia son o *Comercio por xunto* (6,2%), o *Comercio ao retalho* (6,4%) e a *Hostalería* (16,8%). En España, os maiores crecementos rexístranse en *Venta e reparación de vehículos de motor* (16,9%), *Hostalería* (11,0%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (10,3%).

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 1,9% no mes de setembro.

Todos os sectores rexistran taxas positivas agás *Transporte* (-6,7%) e *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (-10,0%); o maior incremento preséntase na *Hostalería* (14,4%).


No que vai de ano, o índice amosa un crecemento do 6,3%. Todos os sectores rexistran taxas positivas; o maior incremento obsérvase na *Hostalería* (15,9%)

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 1,7% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB crece o 3,2%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.



1.4. Indicadores por comunidades autónomas


No mes de setembro a cifra de negocios aumenta en dez comunidades autónomas respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os maiores crecementos danse en Illes Balears (12,5%) e La Rioja (6,2%). As comunidades onde máis diminúe a cifra de negocios son Madrid (-6,0%), Aragón (-3,7%) e País Vasco (-1,8%).

No que vai de ano, todas as comunidades rexistran taxas positivas agás Madrid (-1,4%). Os maiores incrementos rexístranse en Illes Balears (14,3%) e Asturias (8,3%).

Índices de cifra de negocios. Setembro 2023

Taxa de variación en %




2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 1,0% respecto ao mes de setembro de 2022, menos que en España (1,9%).

O persoal ocupado crece un 1,2% no *Comercio* e un 0,8% nos *Outros servizos*. Os maiores incrementos danse en *Comercio por xunto* (2,4%) e *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (2,4%). As actividades nas que se reduce o emprego son *Venta e reparación de vehículos de motor* (-1,8%) e *Transporte* (0,5%).

En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores agás nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-0,4%). Os maiores crecementos rexístranse en *Información e comunicacións* (3,6%) e *Transporte* (2,9%).



No acumulado de ano, o emprego aumenta un 1,0% en Galicia e un 1,9% no conxunto do Estado.


2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

En todas as comunidades autónomas aumenta o emprego no sector servizos no mes de setembro. As taxas máis elevadas rexístranse en Illes Balears (6,5%) e Canarias (3,0%). As taxas máis baixas obsérvanse en Extremadura (0,2%) e Asturias (0,7%).

No que vai de ano, os maiores incrementos do emprego danse en Illes Balears (6,0%) e Canarias (3,3%). A única comunidade que perde persoal ocupado é Cantabria (-0,2%).

Índices de persoal ocupado. Setembro 2023

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venta de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Setembro 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	173,2	-0,9	4,8
Comercio	169,0	0,1	6,4
Venta e reparación de vehículos de motor	123,1	11,6	7,8
Comercio por xunto	187,0	-2,3	6,2
Comercio ao retalho	134,9	6,2	6,4
Outros servizos	184,9	-3,3	1,0
Transporte	238,6	-9,5	-4,1
Hostalería	150,9	15,8	16,8
Información e comunicacións	139,4	2,6	0,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	169,1	-3,4	5,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	128,6	3,4	7,8
España			
Xeral	147,0	-0,9	3,1
Comercio	147,7	-2,6	1,5
Venta e reparación de vehículos de motor	151,8	10,3	16,9
Comercio por xunto	153,4	-8,9	-3,8
Comercio ao retalho	135,2	8,8	9,5
Outros servizos	145,7	2,6	6,6
Transporte	141,2	-5,4	1,0
Hostalería	146,3	10,2	11,0
Información e comunicacións	133,5	6,6	6,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	157,7	3,1	9,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	154,6	4,8	10,3

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subm. istados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Setembro 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	161,3	1,9	6,3
Comercio	157,7	2,8	6,6
Transporte	200,1	-6,7	1,4
Hostalería	156,8	14,4	15,9
Información e comunicacións	144,9	2,9	1,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	158,3	-10,0	1,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	123,3	2,7	2,9

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subm. istados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Setembro 2023**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	147,0	-0,9	3,1
Andalucía	145,5	3,9	7,2
Aragón	143,8	-3,7	3,2
Asturias	154,5	5,5	8,3
Baleares, Illes	182,7	12,5	14,5
Canarias	135,3	4,1	7,9
Cantabria	154,9	1,1	4,6
Castilla y León	135,4	2,4	3,6
Castilla-La Mancha	153,7	5,2	6,5
Cataluña	139,1	-0,3	3,9
Comunitat Valenciana	143,7	-0,4	2,7
Extremadura	155,5	3,7	5,1
GALICIA	173,2	-0,9	4,8
Madrid	149,7	-6,0	-1,4
Murcia	136,8	0,6	4,9
Navarra	156,0	-0,6	2,2
País Vasco	144,3	-1,8	3,3
Rioja, La	158,9	6,2	6,4

Fonte:INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Setembro 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	111,7	1,0	1,0
Comercio	112,1	1,2	1,2
Venta e reparación de vehículos de motor	93,9	-1,8	-2,6
Comercio por xunto	126,1	2,4	2,4
Comercio ao retallo	107,8	1,0	1,1
Outros servizos	111,3	0,8	0,8
Transporte	102,5	-0,5	-1,0
Hostalería	104,8	0,5	0,9
Información e comunicacións	120,2	1,9	2,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	116,6	2,4	3,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	120,7	0,8	-0,3
España			
Xeral	113,6	1,9	1,9
Comercio	109,3	1,9	1,7
Venta e reparación de vehículos de motor	107,2	1,5	1,3
Comercio por xunto	111,8	2,0	1,7
Comercio ao retallo	108,0	1,8	1,8
Outros servizos	116,3	1,9	2,1
Transporte	115,0	2,9	3,1
Hostalería	113,1	2,5	2,6
Información e comunicacións	124,4	3,6	4,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	114,9	2,4	2,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	118,9	-0,4	-0,4

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Setembro 2023**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	113,6	1,9	1,9
Andalucía	110,5	1,8	1,8
Aragón	110,7	1,2	0,5
Asturias	110,3	0,7	1,2
Baleares, Illes	137,9	6,5	6,0
Canarias	109,9	3,0	3,3
Cantabria	110,2	1,1	-0,2
Castilla y León	105,4	1,1	0,8
Castilla-La Mancha	114,1	1,6	1,8
Cataluña	116,2	0,9	1,5
Comunitat Valenciana	110,9	2,2	1,0
Extremadura	111,1	0,2	1,5
GALICIA	111,7	1,0	1,0
Madrid	115,4	2,4	2,9
Murcia	120,2	2,7	2,1
Navarra	112,4	2,4	1,6
País Vasco	108,5	1,3	1,5
Rioja, La	111,9	2,6	1,3

Fonthe: N E